

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e a empresa Netflix Servizos de Transmisión España, S.L, a Fundación FAD Juventud e a empresa Vaca Films Studio S.L.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de C Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa empresa Netflix Servizos de Transmisión España, S.L, a Fundación FAD Juventud e a empresa Vaca Films Studio S.L. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dun ano, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

colaborar na realización de accións para reforzar o sector audiovisual español, para o que Netflix, Vaca e FAD Juventud van desenvolver unha formación profesionalizadora de perfil de atrecista enfocada no sector audiovisual e dirixida ao alumnado de formación profesional e ao alumnado de ensinos artísticos, concretamente alumnado do ciclo formativo de grao superior Deseño e amoblamento e ao dos ciclos formativos de grao superior Escultura aplicada ao espectáculo e Dourado, prateado e policromía, respectivamente.

Esta formación levará a cabo nun espazo cedido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e nela participará alumnado de Centros Integrados de Formación Profesional e de Escolas de Arte Superior de Deseño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que, Netflix e a Fundación FAD Juventud xa subscribiron un Convenio de Colaboración (en diante, "o Convenio") cuxo obxecto manifestaba que NETFLIX colaborará coa FAD Mocidade



nos seus fins de interese xeral co fin de dar a coñecer as oportunidades no sector audiovisual de profesións below the line na área de atrezo.

2. Que Vaca é unha produtora cunha ampla experiencia na creación de contidos de ficción que vai colaborar de maneira activa na formación.

3. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola súa natureza gobernamental ten acceso directo a unha serie de centros educativos, así como a xestión de espazos públicos, necesarios tanto para a selección dos estudantes, así como para o desenvolvemento da formación.

4. Na disposición de todas as partes en colaborar para crear sinerxías e contribuír á formación de persoal no sector audiovisual español.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

